



Árbore
Commemorativa

Carballo do Euro: Árbore plantada no ano 2002 da posta en circulación da moeda Euro.

Carballo de Castela: Fillo da árbore de Guernica doada ao Xardín no ano 2005.



CARBALLO

"Carballo do Euro e Carballo do Castelao"

Quercus robur

SABÍAS QUE...? O carballo está considerado símbolo de fortaleza e maxestade. Preto do Carballo de Castelao, atópase o busto do mesmo escritor doado polo Concello de Rianxo ao pobo de Padrón nas festas de Pascua de 1998 como símbolo de unión dos dous concellos.

É unha árbore da familia das Fagáceas. Áchase por toda Europa e a rexión caucásica. Na Península distribúese pola metade norte peninsular e o noroccidente, e chega até Salamanca e Cáceres.

Nome común: Carballo, Roble albar, Carballo (cast.); Carballo (gal.); English oak, Pedunculate oak, French oak (ing.).

Etimoloxía:

- Quercus: Quercus era o nome romano dos carballos en xeral e da súa madeira, e por extensión de todas as árbores que producen landra. A orixe do vocábulo é celta e significa 'árbore fermosa'
- robur: fai alusión á fortaleza e perseveranza de ánimo. De aí ven a coñecida expresión 'forte como un carballo'

Descrición da especie: Árbore grande, de copa ampla e regular, de folla caduca que chega aos 40 m de altura, de tronco leñoso recto con gretas lonxitudinais. Moi grosso si son exemplares illados. Cortiza esbrancuxada agrisada, parda en exemplares vellos. Follas grandes, simples, en disposición alterna, con estípulas alargadas que caen pronto, ensanchándose polo xeral cara ao seu terzo superior e coa base das follas con pequenas orellas. A marxe é lobulada e o rabiño da folla é diminuto, máis curto que no carballo albar, Quercus petraea (Matt.) Liebl., especie coa que facilmente se lle confunde. Sen pelo polas dúas caras, de cor verde intensa polo feixe e máis pálidas, cos nervios ben marcados na cara inferior. As flores nacen entre abril e xuño, as masculinas en longos pedúnculos colgantes (amentos). Outro nome común é 'carballo pedunculado', en referencia ao rabiño longo das súas landras que no outro carballo mencionado está moi reducido.

